



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 6 de outubro de 2015

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 06/10/2015
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 06/10/2015
- III. Memoria de cambio de denominación do centro
- IV. Modificación de horarios de cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía
- V. Normativa de Traballo Fin de Grao na ETSE de Minas
- VI. Procedemento para o Seguimento das Obrigas Docentes na ETSE de Minas
- VII. Normativas de Mobilidade Bolsas Propias da ETSE de Minas
- VIII. Normativas de Mobilidade Erasmus da ETSE de Minas
- IX. Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente
- X. Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas:
 - Manual de Calidade e Anexos do SGIC
 - Evidencias do procedemento PA06 Avaliación do PDI
 - R1 DO 0201 Informe Anual de Coordinación 14-15
 - R1 DO 0203 Listados de Prácticas Empresa 14-15 dos títulos do centro.
 - Axenda Básica do SGIC 15-16

Ábrese a sesión ás 13 horas e 15 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 14 de xullo de 2015.

Enviouse por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola. Na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 14 de xullo de 2015.

Unha vez aprobada será posta definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>



2. Informe do Director.

O Director informa que:

- Unha vez rematado o prazo de matrícula procederase a publicación dos censos provisionais que dará comezo ao proceso de elección de representantes de PDI sen vinculación permanente, alumnado e PAS na Xunta de Escola da ETSE de Minas, proceso que se repite cada dous anos. En breve pois será publicado o calendario electoral cunha data previsible de proclamación definitiva de representantes electos na Xunta de Escola de finais de decembro de 2015.
- Fíxose necesario actualizar os datos do profesorado para o curso 2015-2016 que figuran na web da nosa Escola. Do mesmo figuran agora polo menos os Curriculum Vitae en galego e castelán. A Dirección agradece a Xefa do Negociado M^a Carmen Romo Pérez as tarefas de recopilación e tradución entre idiomas, cando foi necesario. Amósase así agora a ampla plantilla do noso profesorado formado por docentes e investigadores, comprometidos coa formación especializada, con coñecementos actualizados, con espírito innovador e coa suficiente experiencia e cualificación para afrontar a elevada oferta formativa do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?profesores>

De selo caso prégase envíen aquelas modificacións necesarias ao Negociado do centro xnaxm@uvigo.es.

- Recibiuse da Área de Apoio á Docencia e Calidade o informe Final de Avaliación do seguimento interno do curso 2013/14 realizado pola Universidade de Vigo do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos ambos coa clasificación de CONFORME. Ambos foron enviados ás listas de distribución da ETSEM e poden ser consultados nos correspondentes apartados de seguimento dos títulos:

Grao EE <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=439,0,0,1,0,0>

Grao ERME <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=438,0,0,1,0,0>

- O Consello de Ministros aprobou o pasado 25 de setembro un Acordo por o que se determina a correspondencia do título de Enxeñeiro de Minas co nivel 3 (Máster) do actual Marco Europeo de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), que se corresponde, ao mesmo tempo, co nivel 7 do European Qualifications Framework (EQF). Actualmente non está publicado no BOE ese acordo.



- Cando foi o caso, remitiuse ao profesorado un escrito coa información relacionada coa súa materia, recollida a través do Plan de Acción Titorial da Escola durante o curso 2014-2015. A plantilla do documento enviado é a mesma que a empregada no curso pasado.
- Publicouse no apartado de GASTOS da web do centro, que é de acceso libre, a Execución do Presuposto do 3 do Trimestre do 2015 na ETSEM co listado pormenorizado de gastos realizado nos meses de xullo, agosto e setembro

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=631,689,0,0,1,0>

calquera consulta ao respecto pode ser dirixida ao Negociado do centro xnaxm@uvigo.es

- No apartado TFG (Traballo Fin de Grao) da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=420,467,0,0,1,0>

actualizouse a oferta de TFG para o curso 2015-2016. Prégase ao profesorado interesado envíe ao correo infraestructurasminas@uvigo.es do Subdirector David Patiño Vilas as súas propostas para facer a apropiada difusión das mesmas. A Dirección agradece a colaboración prestada.

- Ao igual que nos últimos oito anos, a ETS de Enxeñaría de Minas da Universidade de Vigo do 16 ao 20 de novembro do 2015 organiza a Semana da Ciencia co obxectivo de involucrar, mediante actividades de divulgación e difusión, ao alumnado preuniversitario coa docencia, investigación e transferencia do centro, este ano baixo o lema *Enerxía, Materiais e Medio ambiente: no horizonte*, en conmemoración do *Ano Internacional dos Solos*. Aquel profesorado/alumnado interesado en colaborar coa recepción das visitas pode poñerse en contacto co Negociado do centro, xnaxm@uvigo.es. Prégase en calquera caso a difusión desta información entre os contactos potencialmente interesados. Máis información nos apartados correspondentes da web do centro:

GALEGO: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=81,0,0,1,0,0>

CASTELÁN: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=114,133,0,0,1,0>

INGLÉS: <http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=208,233,0,0,1,0>



- Recibiuse a Resolución Reitoral de 11 de setembro de 2015 pola que se determinou a distribución de parte da dotación económica entre os centros da Universidade de Vigo, correspondente ao Plan de Calidade Docente, no exercicio 2015. A ETSE de Minas ten asignada a cantidade de 8626,62€
- Na Comisión Permanente do 24 de setembro aprobáronse todas as solicitudes de saídas de prácticas de campo para o primeiro cuadrimestre do curso 2015-2016, un total de doce. A piques de esgotarse o crédito da partida de Transportes do centro coas saídas do curso 2014-2015 compre, de selo caso, facer unha transferencia de crédito para levar a cabo as agora aprobadas. Recórdase que non se poderá realizar ningunha saída que non fora previamente solicitada e autorizada polo centro.
- Recibiuse o agradecemento ao profesorado da ETSEM da Área Académica do Ámbito Tecnolóxico por ter recepcionadas as actas de todas as materias dos títulos da ETSE de Minas en tempo, logo de empregar obrigatoriamente a sinatura dixital. Iso permite, entre outras cousas que o alumnado teña as súas cualificacións en tempo nos seus expedientes. A Dirección agradece a eficacia demostrada polo profesorado da ETSEM.
- Os Subdirectores Carmen Pérez Pérez e David Patiño Viñas teñen asistido a varias reunións de coordinación e seguimento coa Área de Calidade e as titulacións de enxeñaría da Universidade de Vigo implicadas no programa Acredita Plus vinculado á obtención do selo internacional EUR-ACE. Actualmente están a elaborar as táboas de correlación entre os resultados do aprendizaxe de EUR-ACE e as competencias e as materias dos nosos títulos de Grao. A Dirección prega, de selo caso, a máxima colaboración nun proceso cuns prazos moi axustados. O formulario para remitir á ANECA a información básica das titulacións implicadas no programa Acredita Plus foi xa preparado por a Secretaria, Natalia Caparrini Marín. Estase a espera do convenio entre ANECA e ACSUG para proceder a unha reunión de avaliación previa a posible participación no programa. A Dirección agradece o traballo realizado.
- A Secretaria, Natalia Caparrini Marín, ten asistido a varias reunións de coordinación e seguimento coa Área de Calidade e as titulacións da Universidade de Vigo implicadas no programa de acreditación dos títulos no curso 2015/2016. Antes do 6 de novembro haberá que enviar para a súa revisión técnica á Área de Calidade o autoinforme de acreditación, as evidencias e os indicadores. A documentación revisada será enviada á ACSUG antes do 15 de decembro. No caso



dos títulos de Grao da ETSEM a visita da comisión avaliadora está prevista para finais de xaneiro/principios de febreiro e requirirá, entre outras cousas, a revisión de evidencias de tres materias por titulación elixidas pola comisión avaliadora: guía docente; dosieres de avaliación de estudantes (exames, traballos, probas de avaliación, etc.) do último curso; distribución das cualificacións dos últimos tres anos; algún exemplo do material docente propio da materia: libros, transparencias, acceso ao entorno virtual, etc. (do último curso); detalle concreto da planificación e desenvolvemento docente (distribución dos contidos, distribución dos tempos, etc.), do último curso; información dos profesores que imparten a docencia: liñas de investigación, experiencia docente e investigadora. Notificarase con tempo as materias seleccionadas. A Dirección agradece o traballo realizado.

- Enviouse á comunidade do centro o protocolo de “Prevenición e actuación de posibles comportamentos disruptivos no aula”, elaborado polo Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo. Lémbrese que o Gabinete pode atender as dúbidas que poidan xurdir en relación con este tipo de condutas do estudantado. Pode consultarse o documento no apartado Descargas de Documentos de Acceso Libre/ OUTROS DOCUMENTOS da web do centro:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=52>

- No derradeiro número da revista "Industria y Minería" que publica o Consello Superior de Colexios de Enxeñeiros de Minas, publicáronse diversas novas relacionadas con actividades recentes desenvolvidas na ETSEM (Curso de explosivos, Curso de Xeotermia, Laboratorio John P. Harrison e Simulacro de Evacuación):

<http://etseminas.uvigo.es/cms/download.php?f=708a41650d9ae7c1fecea3dfc9ca35bd&target=0>

- No xornal *Cinco Días* do 20 de xullo publicouse unha noticia sobre os graos de enxeñaría que non habilitan para profesión regulada baseada nunha información do *Colegio de Ingenieros Técnicos Industriales de Andalucía*, á mesma podíase acceder desde un enlace da páxina principal do xornal *El País*. Nel aparecían un amplo listado de graos sen atribucións que maioritariamente se imparten en Escolas de Enxeñaría Industrial (como o Grao en Tecnoloxías Industriais e o Grao en Organización Industrial) e dando a entender que as universidades non proporcionaban información nas súas webs sobre o seu carácter de graos brancos sen atribucións. Como queira que explicitamente aparecía o noso Grao de



Enxeñaría da Enerxía como falta de esa información na nosa web, a Dirección realizou varios escritos ao xornal *Cinco Días* e ao xornal *El País* o 20 de xullo e días posteriores para que se corrixira o artigo toda vez que a mesma aparece en diversos apartados da web, por exemplo, en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=288>

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=357>

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=358>

Aínda que no artigo en cuestión a información segue sendo en xeral incompleta e incorrecta, o xornal *Cinco Días* incluíu, logo dos escrito de solicitude de rectificación enviados, o seguinte parágrafo: *En este último caso, la Universidad de Vigo, y sobre el Grado de Ingeniería de la Energía, asegura que está expresamente indicada en su web la capacitación que proporciona para ejercer la profesión. A Dirección informou ao Equipo de Goberno e recibíuse (Rexistro de Saída da UVigo 201500013163) unha valoración moi positiva pola rápida actuación.*

- A día de hoxe o seguimento dos egresados (continuación de estudos/mercado laboral) do curso 2014-2015 indica a día de hoxe o seguinte:

ID	Perfil
GEE1	MSc in Natural Gas Technology (NTNU Trondheim)
GEE 2	Máster Univ. en Enxeñaría Enerxética (UOviedo)
GEE 3	Máster Univ. de Enxeñaría da Enerxía (UPM)
GEE 4	Traballa en JOCAR (Gas Natural Fenosa)
GEE 5	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GEE 6	Máster Univ. de Enerxía e Sustentabilidade (UVigo)
GEE 7	Máster Univ. de Enerxía e Sustentabilidade (UVigo)
GEE 8	Máster Univ. de Enxeñaría da Enerxía (UPM)
GEE 9	Procura de emprego
GEE 10	Procura de emprego
GEE 11	Procura de emprego
GEE 12	Máster en Enxeñaría Matemática (UPM)
GEE 13	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GEE 14	Máster Seguridade e Saúde no Traballo: PRL (UPC)
GEE 15	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GEE 16	Máster Univ. Enxeñaría Industrial (UOviedo)



ID	Perfil
GEE 17	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GEE 18	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GEE 19	Máster Univ. en Mecatrónica (UVigo)-Traballa en GKN Driveline
GEE 20	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GEE 21	MSc in Smart Electrical Networks and Systems en KTH Royal Institute of Technology (Estocolmo)
GEE 22	Máster Univ. en Eficiencia Enerxética en Transportes, Edificación e Industria (UPM)
GEE 23	Máster Univ. Energías Renov. e Sustentabilidade Enerxética (UAB)
GEE 24	Máster Univ. Enxeñaría da Enerxía (UPC)
GEE 25	Procura de emprego
GEE 26	Realización Tesis Doutoral
GEE 27	Máster Univ. Enxeñaría Industrial (UOviedo)
GEE 28	MSc Sustainable Energy Futures (Imperial College London)
GEE 29	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GEE 30	MSc in Natural Gas Technology (NTNU Trondheim)
GEE 31	Máster Univ. Enxeñaría Industrial (UOviedo)
GEE 32	MSc in Sustainable Energy Engineering (KTH Royal Institute of Technology. Estocolmo)
GEE 33	Máster Enerxías Renovables en Sist. Eléctricos (Carlos III)
GERME1	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GERME2	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GERME3	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GERME4	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GERME5	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GERME6	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GERME7	Máster Univ. Enxeñaría de Minas (UVigo)
GERME8	Máster Univ. en Enx. Mineira e de Recursos Enerxéticos (ULEón)
GERME9	Máster Univ. en Enx. Mineira e de Recursos Enerxéticos (ULEón)
GERME10	Máster Univ. en Ciencia e Tecnoloxía de Materiais (UOviedo)

Esta información foi coordinada polos Subdirectores David Patiño Vilas e Carmen Pérez Pérez e unha vez completada será incluída no Informe dos resultados do seguimento dos egresados (IT03 PC11) do SGIC, o cal é agradecido pola Dirección.



- A Biblioteca da Universidade de Vigo imparte para os alumnos de primeiro e por segundo ano consecutivo, empregando Faitic e do 15 de setembro ao 15 de outubro, un curso on-line gratuito titulado "Coñece a Biblioteca e aprende a buscar, avaliar y utilizar a información" co obxectivo de: elaborar estratexias de busca axeitadas; atopar información de calidade, tanto na Biblioteca da UVigo como noutros recursos en internet; facer un uso ético e legal da información, evitando o plaxio; e utilizar unha metodoloxía básica para a elaboración e presentación de traballos de clase. O curso é titorizado por profesorado da materia Física: Física 1.
- Realizouse na ETSEM, con éxito de participación e valoración, o obradoiro *Emprégate*, organizado en colaboración coa Escola de Negocios Afundación. Tratouse dun taller especialmente orientado a estudantes das enxeñerías de últimos cursos ou titulados recentemente, constituído por tres seminarios gratuitos de orientación profesional cun total de 15 horas lectivas recoñecidas por CLE. A Dirección agradece a colaboración da Delegación de Alumnado e do profesor José Ignacio Armesto Quiroga.
- Realizouse na ETSEM, con éxito de participación e valoración, o curso *Fundamentos de Análise e tratamento da información con Microsoft-Excel* organizado en colaboración coa Consultora Vitae con un total de 25 horas lectivas recoñecidas por CLE. A Dirección agradece a colaboración da Delegación de Alumnado e do profesor José Ignacio Armesto Quiroga.
- A UVigoTV publicou o vídeo do pasado "Acto de graduación. Grao Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos - Grao da Enxeñaría da Enerxía. Promoción 2011-2015":

<http://tv.uvigo.es/serial/index/id/2424#2424>

- Informouse ao profesorado da nova función de impresión on-line dende FAITIC usando SINKOLAS.COM que permite habilitar o permiso de impresión da documentación da telemateria ao alumnado coa idea de que se aceleren os seus pedidos á reprografía.
- Nos ordenadores docentes de todas as aulas e laboratorios de informática da ETSEM comezouse a empregar o formulario de Google Docs creado para realizar o control de docencia das titulacións dunha forma automatizada. O formulario é de fácil manexo e facilitará o relato de sinaturas ao final de cada cuadrimestre, así como a elaboración de certificados de docencia impartida. En bedelería, proporcionaráselle unha chave do caixón do ordenador a todo o profesorado que o solicite. Para poder acceder á aplicación é necesario acender o ordenador do aula,



abrir un navegador ou acceder á aplicación a través dun acceso directo dispoñible no escritorio. O formulario abrírase de forma inmediata, e permite rexistrar, dunha soa vez, ata 4 horas seguidas de docencia da mesma materia. A aplicación non vincula nin asocia a docencia a ningún aula nin ao horario oficial establecido (en cada caso hai que seleccionar a aula e a materia que se ha impartido). Para rexistrar a docencia, cada profesor ten que introducir o seu identificador de usuario, que coincide co seu usuario de correo electrónico uvigo (sen o @uvigo), ESCRITO EN MAYÚSCULAS. Unha vez cuberto e enviado o formulario, o rexistro de data e hora, xunto co resto de datos introducidos no formulario, quedará almacenado de forma automática nunha folla Excel, xestionada pola Dirección e os Servizos Informáticos, sobre a que se levará a cabo o control de docencia. Así mesmo, cada vez que un profesor cubra e envíe o formulario, recibirá na súa conta de correo electrónico persoal (@uvigo) os detalles do seu rexistro. En caso de producirse un erro ou incidencia no formulario, poderá ser indicado nun cadro de incidencias creado para tal fin na última fiestra da aplicación, ou informar directamente á Xefatura de Estudos. Esta tarefa está sendo coordinada pola Subdirectora María Araújo Fernández co apoio do Técnico Informático do ámbito tecnolóxico José Luis Ríos Beis, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.

- A Dirección participou na mesa redonda a “Visión da docencia dende os centros universitarios no IV Congreso Internacional de Docencia Universitaria”. A intervención, onde entre outras cousas foi presentada a nosa experiencia na certificación da implantación do Sistema de Garantía Interna de Calidade, pode consultarse no seguinte enlace da UVigoTV:

<http://tv.uvigo.es/video/117533.html>

- En colaboración coa Asociación Clúster da Xeotermia de Galicia, na ETSEM entre o 30 e o 31 de outubro, celebrábase o *Curso de Introducción as Perforacións Xeotérmicas* no que se abordarán aspectos relacionados coa perforación xeotérmica, así como ferramentas de dimensionado dos seus elementos e experiencias reais de execución. O curso, de carácter presencial, terá unha duración de 15 horas recoñecidas por CLE e está cofinanciado polo Consello Social da Universidade. A Dirección agradece a colaboración realizada.
- A día de hoxe no Máster Universitario en Enxeñaría de Minas hai 12 estudantes matriculados en réxime normal, 7 estudantes matriculados en réxime de formación continua (aos que só lles resta o TFG para obter o título de Graduado/a) e 9 estudantes que están pendentes de acceso en réxime ordinario na convocatoria de Fin de Carreira e que asisten como oíntes. Os títulos de orixe son os nosos graos EE e ERME ao 50%.



- O Máster Universitario en Xeoinformática cerrou a súa matrícula con 14 estudantes na UVigo e 6 na UDC.
- Unha vez finalizado o sexto prazo para os estudantes de primeiro por primeira vez os datos de matrícula nos grados son: Enxeñaría da Enerxía 44 alumnos/as e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos 16 alumnos/as. Ambos graos están a día de hoxe abertos á matrícula. O oitavo e derradeiro prazo de matrícula aínda pecha o 23 de outubro. Ante a posible incorporación tardía de novo alumnado de primeiro curso por primeira vez a Dirección enviou un escrito á Secretaría Xeral para que se tomen as medidas necesarias por parte da Universidade de Vigo diante dos órganos competentes para que o calendario das futuras probas de acceso á Universidade na súa convocatoria extraordinaria na nosa Comunidade Autónoma sexa modificado e adaptado ao calendario das universidades do SUG.
- A Dirección solicita e agradece a colaboración nas actividades de difusión dos títulos que se imparten na ETSEM, recordando que elas son retribuídas de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria. Así mesmo a Dirección agradece calquera iniciativa que permita a difusión dos títulos que se imparten na ETSEM.

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, será enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola, pregándose a súa difusión entre os contactos potencialmente interesados.

3. Aprobación, se procede, da proposta de modificación da denominación do centro.

Enviouse aos membros da Xunta de Escola a memoria xustificativa que se adxunta no Anexo III coa proposta de cambio de nome oficial do Centro, que reflicte a adaptación académica levada a cabo nos últimos anos, e a súa modificación a:

- Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (galego)
- Escuela de Ingeniería de Minas y Energía (castelán)
- Mining and Energy Engineering School (inglés)

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o mencionado cambio. A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo, na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.



4. Ratificación, se procede, da modificación nos horarios de dúas materias do cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía, aprobada na Comisión Permanente celebrada o 14 de setembro de 2015.

Por acordo entre profesorado e alumnado das materias Tecnoloxía frigorífica e climatización (V09G290V01702) e Tecnoloxía de combustibles alternativos (V09G290V01703) propónse a unha modificación puntual dos horarios do cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía nas materias indicadas.

Esta proposta de modificación foi aprobada previamente na Comisión Permanente do 14 de setembro de 2015 e enviada por correo electrónico previamente aos membros de esta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola ratifica por asentimento a modificación de horarios, que figura no Anexo IV.

5. Aprobación, se procede, da normativa de Traballo Fin de Grao na ETSE de Minas.

Con anterioridade a esta Xunta de Escola enviouse una proposta de modificación da normativa de Traballo Fin de Grao na ETSE de Minas que esencialmente supón: a creación dun calendario coas datas relevantes para tramites (prazos para cada fase ou procedemento antes da lectura); a inclusión do procedemento de tramitación (obrigado pola aplicación telemática) -modificación solicitudes, depósito...-; a modificación do método de selección de tribunal (eliminación da proposta de membros); un pequeno cambio no procedemento de defensa (todos os alumnos deben estar dispoñibles para presentar dende o inicio da sesión); a revisión da concesión de matrículas de honra, establecendo un criterio obxectivo; a puntualización da transcripción da nota do TFG realizado de intercambio; a modificación/actualización dos formularios (informe tribunal, solicitude de título, valoración do/a titor/a); e a actualización da redacción do texto co emprego dunha linguaxe non sexista.

As modificacións foron coordinadas polo Subdirector David Patiño Vilas ao cal a Dirección agradece o traballo realizado.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo, na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar as mencionadas modificacións (Anexo V).



6. Aprobación, se procede, do Procedemento para o Seguimento das Obrigas Docentes.

Tras a non aprobación do Procedemento para o Seguimento Obrigacións Docentes, presentado na Xunta de Escola do 14 de xullo, abríronse diversos prazos de revisión para que o profesorado con docencia na ETSEM puidese comentar e debater sobre os puntos máis ambiguos do documento.

En base ás achegas recibidas, modificouse o documento enviado previamente a esta Xunta de Escola nos seguintes puntos:

1. No que se refire ao non cumprimento da guía docente da materia (punto 4 do documento), será detectado a través do sistema de queixas, e será en todos os casos, previa comprobación, motivo de incidencia no historial de obrigacións docentes do profesorado implicado. O non cumprimento co descrito na guía docente, constará como incidencia no historial do profesorado que a incumpra, pero non necesariamente no historial do coordinador da materia, e así se reflicte no Anexo 1 do Procedemento para o Seguimento Obrigacións Docentes tras a súa modificación.
2. O segundo punto matizado na nova versión do documento refírese á eliminación definitiva do parte en papel para o rexistro de docencia nas aulas e laboratorios da ETSEM que dispoñan dun ordenador coa nova aplicación informática para realizar o devandito control (punto 8 do documento). Só en caso de non poder utilizar, por causa xustificada, o ordenador da aula ou laboratorio para a docencia, o profesorado poderá proceder puntualmente ao rexistro manual das súas horas de docencia cubrindo e asinando, ao finalizar a clase, un "Parte de Incidencias" (Anexo IV do Procedemento para o Seguimento Obrigacións Docentes) dispoñible na conserxería da ETSEM.

A redacción do documento, co emprego dunha linguaxe non sexista, foi coordinada pola Subdirectora María Araújo Fernández á cal a Dirección agradece o traballo realizado.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo, na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o mencionado Procedemento para o Seguimento Obrigacións Docentes (Anexo VI).

7. Aprobación, se procede, da modificación das Normativas de Mobilidade da ETSE de Minas: “Normativa Bolsas Propias” e “Normativa Erasmus”.

Con anterioridade a esta Xunta de Escola enviouse a seguinte proposta de modificación da Normativas de Mobilidade da ETSE de Minas:



“Normativa Erasmus”: Engadiuse un parágrafo (páxina 7) relacionado coa validación dos TFG, incluíndo a necesidade dun codirector con docencia na escola (ou persoa co beneplácito de Comisión Permanente). Tamén se inclúe agora que a nota do TFG será a transcripción da obtida na universidade de destino. Este último punto tamén afecta aos alumnos con PFC do plan a extinguir.

“Normativa Bolsas Propias”: Neste caso a modificación implica a posibilidade de cursar materias optativas (un máximo de 12 ECTS) na universidade de destino, na mesma liña que os alumnos da titulación a extinguir que podían cursar materias de libre elección. Respecto ao TFG a modificación é a mesma que na normativa Erasmus+: necesidade dun codirector da escola e transcripción da nota acadada na universidade de destino.

A redacción do documento, co emprego dunha linguaxe non sexista, foi coordinada pola Subdirectora Carmen Pérez Pérez á cal a Dirección agradece o traballo realizado.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo, na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar as modificacións propostas nas mencionadas normativas (Anexos VII e VIII): “Normativa Erasmus” e “Normativa Bolsas Propias”.

8. Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de Calidade da ETSE de Minas.

Propónse a incorporación a Comisión de Calidade da ETSE de Minas das seguintes persoas:

- Representante do Máster en Xeoinformática: Don Higinio González Jorge
- Enlace de Igualdade: Dona Teresa Rivas Brea

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, esta modificación na Composición da Comisión de Calidade.

9. Renovación, se procede, da Comisión Permanente da ETSE de Minas.

Para a renovación da Comisión Permanente para este curso académico 2015-2016, recibíronse as candidaturas que se achegan como anexo IX a esta acta.

Existindo o mesmo número de candidaturas que vacantes non procede votación e a Xunta de Escola aproba, por asentimento, a composición da Comisión Permanente para o curso académico 2015-2016, que queda nomeada cos seguintes membros:



SECTOR PDI 1º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
ÁNGELES SAAVEDRA GONZÁLEZ	ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ

SECTOR PDI 2º GRAOS

TITULAR	SUPLENTE
RUBÉN LÓPEZ-CANCELOS RIBADAS	ENRIQUE GRANADA ÁLVAREZ

SECTOR PDI 3º - 4º GRAO ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

TITULAR	SUPLENTE
FERNANDO GARCÍA BASTANTE	LEANDRO ALEJANO MONJE

SECTOR PDI 3º- 4º GRAO ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

TITULAR	SUPLENTE
JORGE C. MORÁN GONZÁLEZ	JAVIER TABOADA CASTRO

SECTOR PDI MASTER EN ENXEÑARÍA DE MINAS

TITULAR	SUPLENTE
TERESA RIVAS BREA	ELENA ALONSO PRIETO

SECTOR PDI MASTER EN XEOINFORMÁTICA

TITULAR	SUPLENTE
HIGINIO GONZÁLEZ JORGE	PEDRO ARIAS SÁNCHEZ

SECTOR ALUMNOS:

TITULARES	SUPLENTES
DIEGO FARO MALVAR	UXÍA ALONSO SANMARTÍN
ROSALÍA CARRILLO PÉREZ	ÁLVARO RODRÍGUEZ LÓPEZ
JAIME GARCÍA IGLESIAS	CAROLINA RODRÍGUEZ HERMIDA
RODRIGO GRAÑA MOLINA	SERGIO BÚA FERNÁNDEZ

SECTOR PAS

TITULAR	SUPLENTE
Mª CARMEN ROMO PÉREZ	



10. Sorteio e nomeamento das Comisións de Compensación para o curso 2015-2016 nos Graos impartidos neste centro.

Realizado o sorteio procede o nomeamento das seguintes Comisións de Compensación para o curso 2015-2016:

GRAO DE ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

Presidenta: Dona Carmen Pérez Pérez

Tres vocais do profesorado:

TITULARES	SUPLENTES
Área: Ciencia de materiais e enxeñaría metalúrxica Profesora: Marta Cabeza Simó	Área: Enxeñaría química Profesor: Ángel Manuel Sánchez Bermúdez
Área: Expresión gráfica na enxeñaría Profesora: Elena González Rodríguez	Área: Física aplicada Profesor: Javier Vijande López
Área: Enxeñaría cartográfica Profesor: Higinio González Jorge	Área: Explotación de minas Profesor: Leandro Alejano Monge

SUPLENTE: Por se o profesor encargado da materia afectada fora unha das anteriores:

ÁREA	PROFESOR
Organización de empresas e mercadotecnia	Alfonso Mandado Vázquez

Un vocal do estudantado:

Titular: Jaime García Iglesias

Suplente: Rosalía Carrillo Pérez

GRAO DE ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

Presidente: Don David Patiño Vilas

Tres vocais do profesorado:

TITULARES	SUPLENTES
Área: Mecánica dos medios continuos e teoría de estrut. Profesor: Rubén López-Cancelos Ribadas	Área: Matemática aplicada Profesor: Eduardo Liz Marzán
Área: Expresión gráfica na enxeñaría Profesora: Elena González Rodríguez	Área: Enxeñaría cartográfica Profesor: Pedro Arias Sánchez
Área: Enxeñaría química Profesor: Ángel Manuel Sánchez Bermúdez	Área: Prospección e investigación mineira Profesora: Natalia Caparrini Marín

SUPLENTE: Por se o profesor encargado da materia afectada fora unha das anteriores:

ÁREA	PROFESORA
Ciencia de materiais e enxeñaría metalúrxica	Carmen Pérez Pérez

Un vocal do estudantado:

Titular: Jaime García Iglesias

Suplente: Rosalía Carrillo Pérez



11. Nomeamento do tribunal de premio extraordinario fin de carreira para as titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Non recibindo candidaturas para o nomeamento de Tribunal de Premio Extraordinario Fin de Carreira para as titulacións impartidas na E.T.S. de Enxeñaría de Minas a Dirección propón un Tribunal para todos os títulos formado por José Benito Vázquez Dorrió (Presidente), Natalia Caparrini Marín (Secretaria) e Carmen Pérez Pérez (Vocal).

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento do tribunal proposto.

12. Aprobación, se procede, da proposta de solicitude de Actividades Extraacadémicas e de Difusión Cultural da ETSE de Minas.

A diferenza doutros anos a Delegación de Alumnado da E.T.S.E. de Minas non presenta o Informe de Actividades da Semana Cultural Santa Bárbara 2015. A súa aprobación en Xunta de Escola sería condición previa necesaria para poder logo solicitar unha subvención dentro do programa de Actividades Extraacadémicas e de Difusión Cultural do Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais.

Así pois, para non perder oportunidade de participar na convocatoria que pecha o 16 de outubro, a Dirección propón facer unha solicitude para cofinanciar a Semana da Ciencia 2015.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a presentación da mencionada solicitude.

13. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

A Comisión de Garantía de Calidade da ETSE de Minas aprobou por asentimento na súa reunión do seis de outubro previa a esta Xunta de escola a seguinte documentación, que se inclúe no Anexo X a esta acta:

- Manual de Calidade e Anexos do SGIC
- Evidencias do procedemento PA06 Avaliación do PDI
- R1 DO 0201 Informe Anual de Coordinación 2014-2015
- R1 DO 0203 Listados de Prácticas Empresa 2014-2015 dos títulos del centro: Grao EE, Grao ERME e Máster UEM.
- Axenda Básica do SGIC 2015-2016

A Xunta de escola aproba, por asentimento, a antedita documentación.

A documentación foi preparada pola profesora Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.



14. Rogos e preguntas.

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 15 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a seis de outubro de dous mil quince.

Vº e Prace

O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrío

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 06/10/2015.



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 06/10/2015.



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 06/10/2015

Profesorado	
1.	Alejano Monge, Leandro
2.	Alonso Prieto, Elena
3.	Araújo Fernández, María
4.	Cabeza Simó, Marta
5.	Caparrini Marín, Natalia
6.	Espada Seoane, Ángel Manuel
7.	García Bastante, Fernando
8.	González Rodríguez, Elena
9.	Liz Marzán, Eduardo
10.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
11.	Martín Suárez, José Enrique
12.	Morán González, Jorge
13.	Patiño Vilas, David
14.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
15.	Rivas Brea, Teresa
16.	Saavedra González, Ángeles
17.	Taboada Castro, Javier
18.	Ulla Miguel, Ana María
19.	Vázquez Dorrío, José Benito
20.	Vijande López, Javier
Alumnado	
21.	Alonso Sanmartín, Uxía
22.	Carrillo Pérez, Rosalía
23.	Casal Echevarría, Alexandre
24.	García Iglesias, Jaime
25.	Rodríguez Hermida, Carolina
26.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
27.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola:	53
Asistentes:	27

Escusan a súa ausencia:

- Don Lino Álvarez Vázquez
- Don Antonio Correa Otero
- Don Alfonso Mandado Vázquez



ANEXO III

Memoria de cambio de denominación do centro



ANEXO IV

Modificación de horarios de cuarto curso do Grao en Enxeñaría da Enerxía



ANEXO V
Normativa de Traballo Fin de Grao na ETSE de Minas



ANEXO VI

Procedemento para o Seguimento das Obrigas Docentes na ETSE de Minas



ANEXO VII
Normativas de Mobilidade Bolsas Propias da ETSE de Minas



ANEXO VIII

Normativas de Mobilidade Erasmus da ETSE de Minas



ANEXO IX

Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente



ANEXO X

Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas:

- **Manual de Calidade e Anexos do SGIC**
- **Evidencias do procedemento PA06 Avaliación do PDI**
- **R1 DO 0201 Informe Anual de Coordinación 14-15**
- **R1 DO 0203 Listados de Prácticas Empresa 14-15 dos títulos del centro.**
- **Axenda Básica do SGIC 15-16**